

La catalana María Girón se hace con el Premio de Álbums Ilustrados entre 218 obras

SANTIAGO / LA VOZ

La catalana María Girón se ha hecho con el Premio Internacional Compostela de Álbums Ilustrados con la obra *Bim, Bam, Bum*. Convocado por el Ayuntamiento de Santiago y la editorial Kalandranka, el premio, creado hace diecisiete años, está dotado con 9.000 euros en metálico y conlleva la publicación de la obra ganadora en gallego, catalán, euskera, castellano y portugués. La obra verá la luz en noviembre tras imponerse a otros 217 proyectos procedentes de 22 países en un concurso en el que resultó finalista el italiano Tobias Giacomazzi con *Voglio andare senza rotele*.

El jurado destacó en la obra de Girón «a frescura dunha historia que mostra a cara lúdica da infancia, na que a amizade é un compoñente esencial», y su capacidad para evocar «a felicidade desa etapa da vida: O xogo, a liberdade, o movemento e o humor están presentes, tanto no texto como na ilustración, e complementanse nun todo harmonioso». La obra formará parte de la oferta de Kalandranka para su proyección exterior y de la ciudad en las ferias internacionales del libro.

El Proyecto Mentoring de la USC echó el cierre con 81 alumnos y 108 colaboradores

SANTIAGO / LA VOZ

El Proyecto Mentoring, organizado por los técnicos del Área de Orientación Laboral de la Universidade de Santiago (USC), echó ayer el cierre tras la participación de 81 estudiantes y 108 colaboradores. La iniciativa reúne a universitarios de último curso, o que acaban de terminar un grado o un máster, con personas que ejercen la labor de mentoras, facilitándoles apoyo en su integración en el mundo profesional y laboral.

«É unha plataforma para descubrirnos a nós mesmos e abrir novos camiños», apuntó Eva Iglesias, estudiante del máster de Psicología do Traballo e as Organizacións, que participou en el proyecto. La vicerrectora Pilar Murias cerró el acto destacando la importancia de adaptarse a distintos ámbitos: «Pode abrir saídas que ás veces o estudando non imaxinaba».

JOSÉ ANTONIO SUMAY DIRECTOR SAÍNTE DO IES AS FONTIÑAS

«A tecnoloxía é importante, pero non substitúe o vínculo entre mestre e aula»

O profesor cre fundamental liberarse do estigma dos estudantes poscovid

ÁLVARO SEVILLA

SANTIAGO / LA VOZ

José Antonio Sumay (A Coruña, 1972) podería estar horas, quizais días, falando sobre os retos e o futuro da educación. Fala con paixón porque cre no rol crucial que ocupan os mestres na construción da sociedade. Logo de media vida, deixa o IES As Fontiñas. Nel fixo as súas primeiras prácticas e foi o seu director os últimos nove cursos. Antes de marchar, tócalle botar un ollo ao seu paso por Santiago.

—**Non puido esperar a cumprir dez anos no cargo?**

—[Ri] Saíume destino definitivo na Coruña, vou para o CIFP Someso. Os centros viven en constante renovación e creo que este é un bo momento para mudar o equipo directivo.

—**Como evolucionou o instituto dende que asumiu o cargo?**

—Foron nove anos, pero parecéron 18. [Ri] Trátáronse de anos moi intensos, co covid e o poscovid, con cambios legislativos, agora cunha nova lei de FP... A pandemia foi o máis importante, porque afectou ao estado de ánimo e ao trato coa xente. Nós vimos eses cambios sociais porque aquí entran ao día 800 persoas. Ves como mudan as dinámicas. É transcendente o impacto das redes sociais e a tecnoloxía na educación, ademais dos problemas de saúde psíquica e mental a raíz do covid. No 2015 viñamos dunha crise económica, pero esta foi máis persoal, emocional, estamos máis sensibles. Na pandemia coordinámonos, pero na pospandemia a cousa desbordou.

—**Como leva o instituto esa transición tecnolóxica?**

—O noso é un centro moi tecnolóxico e ese proceso acelerouse moito. Temos 350 ordenadores, aulas virtuais, estamos mirando de comprar licencias para Copilot e Open IA —aplicacións de intelixencia artificial—. Antes da pandemia sufriron un virus *ransomware*. Afrontamos unha serie de desafíos tecnolóxicos e estamos mirando de crear unha aula cunha cámara para que se graven as clases nun formato *youtuber*...

—**E hai quen demanda que a tecnoloxía non entre nas aulas.**

—A tecnoloxía é importante, pero non substitúe o vínculo entre mestre e aula. Serve para aforrar papeis, burocracia, alixerar procesos... Non sabemos como será a sociedade dentro de 50 anos, pero sabemos que terá aulas, profesores e alumnos. É necesario o contacto humano co



Sumay deixa o centro logo de media vida dando clase. SANDRA ALONSO

alumno, é imprescindible para o proceso de aprendizaxe. A tecnoloxía non debe ser o único medio, debe ser un complemento. Aos alumnos dígolles que teñen que sacarse diso de que son estudantes poscovid. Houbo un certo desenganche. Notouse unha baixada do rendemento, de desconexión coas materias... Nós te-

mos por enriba dos 300 alumnos a distancia. Creo que é importante para a xente que non se pode desprazar, traballadores que queiren complementar a súa formación, pero non debemos caer na dicotomía de tecnoloxía si ou no. —**A formación a distancia quizais é máis adecuada para un adulto que para un rapaz de 18 anos.**

«A gran revalorización da FP darase cando sexamos capaces de valorar os oficios»

Sumay, como mestre de FP, é unha voz autorizada para valorar os cambios desta modalidade educativa en alza.

—**Son dos poucos centros que ofertan ciclos da rama da construción. Por que sempre teñen problemas para atraer alumnos?**

—Cando empezamos, no 2015, estábamos case no fondo da crise do ladrillo. Foi un momento complicado para atopar empresas. A situación foi mellorando e a día de hoxe é boa. Demádanos máis xente da que podemos mandar. É certo que hai dificultades para captar xente no sector da construción. Segue habendo un estigma social, pero non podemos pensar en fai 30 anos. Agora as empresas teñen tecnoloxía, medidas de seguridade... En toda economía occidental, a construción debe ter un peso importante. Hai moitas cousas por facer e precísanse técnicos para re-

solver os problemas. En Santiago hai empresas moi potentes, pero a gran revalorización da FP darase cando sexamos capaces de valorar os oficios. En Galicia sempre tivemos profesionais moi bos na construción, que estiveron e traballaron por media Europa.

—**Que espera do novo modelo que marca a lei de FP?**

—É unha lei que ten consenso e iso é bo. Vexo que a dualización da FP, con maiores prácticas, terá un impacto moi positivo. O alumno en contacto coa empresa madura. Ten que cumprir horarios, facer certas tarefas, entón iso axuda a construír un perfil laboral. Vainos axudar moito, porque verán como se soluciona un conflito, como se deben comportar... Ata agora as prácticas nas empresas eran como o poste final e agora terán que estar máis integradas. Como se vai organizar iso será moi interesante.

—E que o vínculo emocional é moi importante na educación, sen el o proceso educativo non é pleno. Non podemos comparar a un de 35 anos que está traballando, cun de 18 ou 20 que vai necesitar moito apoio emocional.

—**Que opina dos gurús que din que todo o coñecemento está no teléfono móbil?**

—Existen ferramentas extraordinarias, pero a serra non fai ao carpinteiro. Para educar, é importante que os alumnos sexan conscientes da súa necesidade formativa. A pandemia ten que servirnos para entender que o proceso educativo é fundamental na sociedade. Cando se volveu á pseudonormalidade, a xente mellorou, tiña un sitio ao que acudir. Os centros son institucións necesarias para vertebrar a sociedade. Gustoume que cando facíamos videoconferencias, dicía que «este é o IES Fontiñas», a comunidade, é un valor importante e debemos ter esa identidade.

—**De que saúde goza o centro?**

—Collemos o centro con 500 alumnos e o próximo curso estará por enriba dos 750. Arrancamos co ciclo medio de Escavacións e Sondaxes e co bacharelato xeral, que é moi interesante. Estamos contentos, agora ven a nova lei da FP, a ver como a levan a cabo, pero xa temos contactos con empresas que están interesadas en traballar con nós.

—**No referente ao bacharelato, lévanse séculos escoitando a mesma cantinela de «os rapaces son peores ca os de antes».**

—Non son especialmente crítico con ese tema, pero si vexo que o alumnado, a raíz da pandemia, sufriu un impacto importante. Os que están chegando agora a bacharelato estaban daquela na ESO e percibimos esa desconexión, ese trimestre que se perdeu polo covid... Agora vamos cara a un modelo de competencias que creo que será positivo e que vai máis alá dunha educación máis memorística. É importante que saiban utilizar as ferramentas, que sexan capaces de ler e comprender. Temos moi bos alumnos, pero cando saquemos adiante ese modelo novo, melloraremos como sistema educativo e coma sociedade. E unha sociedade máis competente será tamén máis próspera.